

Problema306: Para cada un dos seguintes pares de elementos, xustifica se o composto binario que forman é iónico ou covalente, indica a fórmula, o nome e dúas propiedades químicas do composto que formarían.

- a) B e F.
- b) K e Br.

a) O boro e o flúor, son dous non-metais, forman un composto covalente por compartición de electróns. A súa fórmula é BF_3 , o seu nome trifluoruro de boro, ten baixo punto de fusión e ebulición, soluble en disolventes apolares e insoluble en disolventes polares, non condutor da corrente eléctrica.

b) O potasio e o bromo, son un metal e un non-metal, forman un composto iónico, debido á súa gran diferenza de electronegatividade. A súa fórmula é KBr , o seu nome bromuro de potasio, é un sólido a temperatura ambiente, condutor da electricidade en disolución ou en estado fundido, soluble en disolventes polares, e insoluble en disolventes apolares.